



Asunto: Notificación de resolución
Data:
Destinatario:
Concello de Arzúa
Rúa Santiago, nº 2
15810 Arzúa (A Coruña)

Clave: DH.W15.91147

Expediente: Solicitud de autorización de mellora do viario de Pantiñobre á Riba e substitución de sistema de contención sobre o río Vello, no t.m. de Arzúa (A Coruña).

Solicitante: Concello de Arzúa

Asunto: Resolución

Pola presente, notifícaselle a Resolución da Dirección de Augas de Galicia, que literalmente di:

#### Antecedentes

1. Con data 02/03/2023, Irene Couselo del Río, en representación do Concello de Arzúa, con NIF P1500600J, presentou a solicitud de autorización de obras referida no encabezamento.
2. Consta no expediente o xustificante de pago das taxas de tramitación.
3. Con data 27/03/2022 emítense informe favorable ao solicitado elaborado pola Empresa Pública Tragsatec no marco do encargo ENC.21002 de Servizo de Apoio a Augas de Galicia na tramitación de autorizacions de obras en zona de policía, servidume e dominio público hidráulico, concesión de augas, autorización de cortas, navegacions e sancionadores, no ámbito xeográfico da Demarcación Centro de Augas de Galicia que conta coa conformidade do órgano propoñente.



## Fundamentos de dereito

### Primeiro.- Competencia para resolver

- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia
- Decreto 32/2012 do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia.

### Segundo.- Lexislación aplicable:

- Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- Texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA)
- Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril (RDPH)

### Terceiro.- Artigos de aplicación específica:

- TRLA: Artigo 2 (definición de dominio público hidráulico), Artigo 6 (zonas de afección nas marxes)
- RDPH: Artigo 53 (tramitación de solicitudes de autorización de obras), Artigo 78 (execución de obras en zona de polaía de leitos), Artigo 126 (obras dentro ou sobre o dominio público hidráulico)

De acordo con todo o exposto, a xefatura do Servizo Territorial, PROPÓN:

Autorizar ao Concello de Arzúa, con NIF P1500600J, as obras previstas no proxecto "Mellora do viario de Pantiñobre a A Riba e outro", de febreiro de 2023, na zona de polaía de diversos cursos de auga rexistrados no sistema de información IDE-DHGC: río Vello, co código 2440441001, rego Carracedo, co código 2440441006, e rego de Alpiqueiro, de código 2440441008, no lugar de Pantiñobre, no t.m. de Arzúa (A Coruña).

Esta autorización axustarase ao disposto pola Lei de augas e polo Regulamento do dominio público hidráulico, ademais do cumprimento das seguintes condicións:

Xerais

1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.



2. Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construcción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescripcións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
6. O titular da autorización será responsable de cantes danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.  
Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
7. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desague e o respecto ás servidumes legais.
8. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.



## Particulares

1. Autorízanse as **obras previstas no proxecto "Mellora do viario de Pantiñobre a A Riba e outro", de febreiro de 2023**, na zona de polcía de diversos cursos de auga rexistrados no sistema de información IDE-DHGC: río Vello, co código 2440441001, rego Carracedo, co código 2440441006, e rego de Alpiqueiro, de código 2440441008, no lugar de Pantiñobre, no t.m. de Arzúa (A Coruña), en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.  
As obras consisten na mellora do viario de Pantiñobre á Riba, cunha lonxitude de 1.680 m e dividido en dous treitos de 1.470x4,50 e 210x4,50 m, así como dous abanicos de 135x2,00 e 150 m<sup>2</sup>, preténdese a mellora da capa de rodaxe con seis centímetros de aglomerado en quente a toda a plataforma, previa reparación de baches e previo emprego de dez centímetros de grava e tratamento asfáltico semiprofundo en ampliación do ancho da superficie pavimentada ambos lados, 0,25 m a cada lado no treito de 1.470 m., dentro da plataforma actual do camiño. Completan a obra a limpeza de gabias e salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal e transversal, a colocación de 8 m (2 de 4 m) de pretil metálico para defensas, previa retirada de barreira existente e a sinalización horizontal con pintado de liñas en bordes e símbolos. Esta actuación localízase en zona de polcía e pasa sobre un curso de auga, sen actuar na obra de drenaxe existente. Por outra parte, inclúese a colocación de 36 m (24 e 12 m) de barreira de seguridade, cos correspondentes abatimentos, e colocación de 8 m (2 de 4 m.) de pretil metálico, previa retirada de barreira existente, en estado deficiente.
2. Tanto durante a execución dos traballos como trala súa terminación, adoitaranse todas as medidas necesarias para evitar arrastres de calquera tipo de produto, sustancia ou material resultante cara ás correntes de augas.
3. Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.
4. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.
5. Prohibirse a corta ou destrucción da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.
6. Durante a fase de construcción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.



De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construcción. Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ao río por escorrentas ou cheas. Os residuos xerados durante a construcción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construcción autorizado.

7. Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquellas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase á súa rehabilitación, descontaminando a terra e, se for preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.
8. O prazo para a realización das obras ou traballos é de VINTE E CATRO (24) MESES contado a partir da data de recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.
9. Rematadas as obras, comunicáráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.

Santiago de Compostela, a/o xefa/e do Servizo Territorial – Jesús Antonio Manrique Merino (Síntoma digital)

Visto o exposto, a Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, de conformidade co establecido no Artigo 19 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia, eleva á Dirección de Augas de Galicia a proposta de resolución relativa á Autorización ao Concello de Arzúa, con NIF P1500600J.

Santiago de Compostela – o subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico - Roberto Arias Sánchez (Síntoma digital)

De conformidade co artigo 15.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia, RESOLVO OUTORGAR a autorización ao Concello de Arzúa, con NIF P1500600J.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada ante a presidencia de Augas de Galicia no prazo DUN (1) MES a contar dende o día seguinte á súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



Administracións Públicas. Para o suposto de ser un suxeito obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas ou de optar por este medio, o recurso deberá ser interposto a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) empregando o formulario normalizado dispoñible (IF321D) - <https://sede.xunta.gal/detalle-procedimento?codtram=IF321D&ano=2020&numpub=1&lang=gl>).

Santiago de Compostela, a directora de Augas de Galicia –Teresa María Gutiérrez López (Sinatura dixital)

Os datos persoais que puldera conter este documento e/ou documento que se acompaña serán tratados de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal e enóntrense recollidos nun ficheiro debidamente inscrito na AEPD, responsabilidade de Augas de Galicia, coa exclusiva finalidade da tramitación e xestión do presente procedemento. So se procederá á cesión naqueles casos explicitamente considerados.

Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal, que poderán solicitar por escrito a Augas de Galicia, Praza Camilo Díaz Ballón 7-9, 15704 Santiago de Compostela ou mediante o envío dun correo electrónico a [lpd.augas@xunta.gal](mailto:lpd.augas@xunta.gal).

Asinado por: ARIAS SANCHEZ, ROBERTO  
Cargo: Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hídrico  
Data e hora: 29/03/2023 14:24:07

Asinado por: MANRIQUE MERINO, JESUS ANTONIO  
Cargo: Xefe do Servizo Territorial Galicia-Centro  
Data e hora: 29/03/2023 08:47:16

Asinado por: GUTIÉRREZ LOPEZ, TERESA MARIA  
Cargo: Directora de Augas de Galicia  
Data e hora: 29/03/2023 17:22:10